

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020. 6º EP.

CEIP ISIDORA RIESTRA
CURSO: 6º PRIMARIA

DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
MATEMÁTICAS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.
B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.
B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.
	MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
	MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.
B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se	MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.

realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación e calculadora).	MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
	MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.
B2.7. Iniciar o uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.
	MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.
	MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.
	MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
	MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
	MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
	MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.
	MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento

<p>valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p>
<p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</p> <p>MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p>
<p>B3.2. Operar con diferentes medidas</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p> <p>MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p> <p>MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p> <p>MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.</p> <p>MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas.</p>

B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.
B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas. MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
CIENCIAS SOCIAIS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
B1.4.Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo	CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
B1.5.Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras	CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

<p>B2.1.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.</p>	<p>CSB2.1.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.</p>
<p>B2.2.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.</p>	<p>CSB2.2.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan</p>
<p>B2.4.Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.</p>	<p>CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.</p>
<p>B2.5.Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.</p>	<p>CSB2.5.1.Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.</p>
<p>B2.6. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.</p>	<p>CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.</p>
<p>B4.3.Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.</p>	<p>CSB4.3.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.</p>
	<p>CSB4.3.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.</p>

	CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.
B4.5.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
CIENCIAS NATURAIS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	C.N.B1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións
	C.N.B1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos
B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	C.N.B1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	C.N.B1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.

<p>B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.</p>	<p>C.N.B3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</p>
<p>B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p>	<p>C.N.B3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.</p>
<p>B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>	<p>C.N.B3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.</p>
<p>B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.</p>	<p>C.N.B2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.</p>
<p>B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.</p>	<p>C.N.B2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións</p>
<p>B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida cun adecuado funcionamento do corpo, a adoptando estilos de vida saudables e c coñecendo as repercusións para a saúde</p>	<p>C.N.B2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LENGUA CASTELLANA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais.	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).
	LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.
	LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos demais.
	LCB1.1.4. Aplica normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.
	LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.

B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	LCB1.3.2. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.
	LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos. Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.
	LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
B1.5. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.
	LCB1.5.3. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonemagrafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas).
B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.	LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.
B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.
	LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos.
	LCB1.11.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos.

	LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.
B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.
	LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos.
B2.10. Desenvolver o Plan lector que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomenta o gusto pola lectura.	LCB2.10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de lecer manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes.
	LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.	LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.

B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.
	LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, estranxeirismos e frases feitas.
	LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.
	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.1. Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para buscar o significado de calquera palabra (derivadas e sinónimas).
	LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.
	LCB4.3.3. Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.

	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
	LCB4.4.3. Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
	LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación.
	LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til.
	LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	LCB5.1.1. Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA GALEGA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
	LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
	LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.

	LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
	LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
	LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión.
	LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferenza información, opinión e publicidade.

	LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
	LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.
	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
	LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.
	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
	LGB3.1.5. Revisa e reescribe o texto cando é preciso.
	LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...
	LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.

	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descriptivos, argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.
	LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
	LGB4.1.3. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.
	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.
--	--

<p>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</p> <p>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</p>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Construir o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.
B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.4. Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución dos obxectivos.

B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.1. Propón alternativas á resolución de problemas sociais.
B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.
B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto.	VSCB2.2.2. Utiliza os instrumentos que contribúen ao diálogo
B2.5. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.5.1. Interacciona con empatía.
B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración
B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando conductas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1.Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando ,recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1.Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
	EPB2.1.3.Debuxa obxectos cotiáns, das, accións e situacións.
	EPB2.1.4.Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.

	<p>EPB2.1.8.Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.</p>
<p>B2.5.Realizar producións plásticas participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade ,e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.</p>	<p>EPB2.1.9.Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.)</p>
	<p>EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.</p>
	<p>EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro/a</p>
	<p>EPB2.5.4.Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Empregamos a escala de observación e o rexistro anecdótico persoal, así como a análise das producións do alumnado, é dicir, resumos, textos escritos, resolución de actividades, traballos de aplicación e síntese e intercambios orais cos alumnos e alumnas (entrevistas, postas en común, entre outras)</p> <p>Instrumentos: Probas escritas, probas orais e observación sistemática mediante o emprego de rúbricas e diarios de seguimento para avaliar a adquisición de conceptos e habilidades, o traballo diario, tanto individual coma en grupos e a participación nas diferentes actividades.</p>
Cualificación final	Para a cualificación final faremos a media das cualificacións da primeira e segunda avaliación, tendo en conta, ademais, o interese e a participación nas actividades propostas neste trimestre para a mellora desta cualificación.
Proba extraordinaria de setembro	Non se contemplan probas extraordinarias de setembro nesta etapa educativa.
Alumnado de materia pendente	Non procede

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades plantexadas para este trimestre son de reforzo, repaso e ampliación dos contidos dados ata a suspensión das clases presenciais, predominando as actividades autoavaliáveis, exercicios, así como actividades de investigación para a elaboración de algún proxecto.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para levar a cabo a conexión co alumnado utilizouse un blog xa creado dende o principio de curso con ligazón na web do colexio onde se ían poñendo exercicios e actividades.</p> <p>Paralelamente, o equipo docente do 6º curso estivo en contacto permanente mediante correo electrónico cos alumnos e alumnas onde manifestaban se ían atopando algunha dificultade, tanto na realización das tarefas como de conectividade ou de limitación de recursos informáticos no fogar.</p> <p>Así mesmo, para esta situación utilizamos a plataforma dixital Aula Planeta, que se ofreceu a proporcionarnos usuarios e contrasinais para todo o alumnado, para o reforzo de contidos e realización de actividades de repaso.</p> <p>Ademais, estivemos en contacto semanal co alumnado mediante vídeo chamada.</p> <p>En canto ao alumnado sen conectividade, contactamos telefonicamente con el para darlle as pautas para que realizaran as tarefas propostas.</p> <p>Para este alumnado, levámoslles ás súas casas fotocopias coas actividades propostas, por medio do concello, que ían entregando por correo electrónico mediante fotos.</p>
Materiais e recursos	Aula Planeta, blog, ordenador, recursos online, teléfono, fotocopias, recursos online.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do colexio, Abalar (especialmente para manter informadas ás familias), correo electrónico, medios telefónicos, vídeo chamadas.
Publicidade	Publicación páxina web do colexio.